



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO
XUNTANZA ORDINARIA 18 DE ABRIL DE 2013

ORDE DO DÍA

- 1.- **Aprobación da acta anterior**
- 2.- **Estado das actuacións comprometidas**
- 3.- **Proposta de novas actuacións**
- 4.- **Estado e novas informacións acerca de propostas xa aprobadas en anteriores Consellos Parroquiais**
- 5.- **Varios**

No antigo Preescolar do Viso, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día dezoito de abril de dous mil trece, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Adelina Couñago Lara, representante do PP
- Anxo Lusquiños López, representante do BNG
- José Bernardo Crespo Abal, representante de AER
- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais
- Ana Pazos Castellano, representante das asociacións veciñais
- María José Acevedo Santoro, representante das asociacións veciñais
- Álvaro Cabaleiro Durán, representante das comunidades de montes
- Fernando Veiga Estévez, representante das comunidades de montes
- Xosé Covelo Míguez, representante das asociacións culturais
- Xosé Costas Carrera, representante das asociacións culturais
- Alberto Couñago Castellano, representante das comunidades de augas
- José Manuel Campelos Mariño, representante das comunidades de augas

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de JESÚS CRESPO LÓPEZ, e asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial do Viso convocada para o día de hoxe.

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

Incidencias: Comparece Alberto Pazos Couñago. José Manuel Campelos Mariño incorporouse á xuntanza ás 21.20 horas.

- 1.- **Aprobación da acta anterior**



CONCELLO DE REDONDELA

Sométese a votación a acta do Consello Parroquial de data 20.12.2012. Xosé Covelo Míguez indica que un erro na súa intervención no punto terceiro no que hai que incluír: *Soutoxuste*, e outro erro no punto cuarto no que se debe incluír: *que se faga toda a estrada ata o alto*.

José Bernardo Crespo Abal indica outro erro na súa intervención na que debe corrrixirse o seguinte: substituír *irían* pola expresión *poderían ir*.

Realizadas as correccións indicadas apróbase a acta coa maioría das/os membros presentes, coas abstencións de: Ana Pazos Castellano e Jerónimo Rafael Darriba por non teren asistido á xuntanza anterior.

2.- Estado das actuacións comprometidas

Xestións para adquirir os terreos próximos ao Colexio de Cesantes para así poder arranxalo, crear un aparcadoiro nesa zona e establecemento dunha vía de entrada e outra de saída. Tamén estudar a presenza de fincas expropiadas na beirarrúa oposta ao Colexio pola entrada do Viso.

O Presidente informa que contactou primeiro co veciño que ten o terreo máis próximo ao Colexio e quedouse de manter unha xuntanza no Concello. A esta xuntanza o veciño non asistiu, pero volverase a convocar. Tamén estase tratando coa Deputación se hai algúns terreos próximos que lles pertencen debido ás expropiacións pedíuselle información.

Manuel Freire Collazo di que se comenta que algúns dos terreos da parte de abaixo están expropiados.

O Presidente informa que hai tres propietarios distintos dos terreos próximos ao Colexio, primeiro está contactando co propietario do terreo máis próximo, se non dan resultado as negociacións, falará cos demais en orde.

Beirarrúas e pasos de peóns no entorno do Colexio de Cesantes: estudar a posibilidade de pasos de peóns e a instalación de sinalización vertical.

O Presidente informa que os traballos na beirarrúa están rematados e agora quedan pendentes os pasos de peóns elevados e as sinalizacións verticais. A Deputación quedou de traer a maquinaria necesaria para facer os pasos elevados.

Instalación de paneis informativos na parroquia do Viso a principios de 2013.

O Presidente informa que xa se colocaron algúns como en Soutoxusto. Agora vanse colocar 4 ou 5 no Viso e téñense previsto traer máis e estes primeiros



CONCELLO DE REDONDELA

vanse colocar nas marquesiñas, xa que péganse carteis nas marquesiñas, polo que dende os colectivos habería que pedir que non se coloquen aí.

Alberto Couñago Castellano di que se se colocan carteis nas marquesiñas é porque non hai outro lugar para facelo.

Xosé Covelo Míguez di que na parroquia do Viso existen máis de quince lugares para poñer carteis e que polo de agora se poña un en cada barrio.

Anxo Lusquiños López di que deberían ser as/os propias/os veciñas/os os que elixiran os lugares para a colocación dos paneis.

Leonardo Cabaleiro Couñago pregunta con cargo a que Concellería vai o gasto dos paneis.

Reformas dos parques infantís de Saramagoso e Soutouxuste.

O Presidente informa que as reformas dos parques infantís se van a solicitar a través dalgún plan ou ben do Feder ou de Agader. O de Soutouxuste poñeríase novo completo.

Instalación de bordillos no parque da Gándara en substitución das pedras existentes.

O Presidente informa que o Concelleiro de Vías e Obras xa falou coa Comunidade de Montes. Fernando Veiga Estévez informa que por parte desta non hai ningún tipo de problema, que é o Concello o que ten que traer os bordillos.

Acondicionamento do campo de Fútbol da Gándara.

O Presidente di que se a Comunidade de Montes di que si se colocaría o peche.

Fernando Veiga Estévez di que por parte da Comunidade de Montes non hai problema.

Jerónimo Rafael Darriba e Manuel Collazo Castellano din que habería que arranxalo canto antes por seguridade.

Anxo Lusquiños López le da acta de marzo de 2012 o punto relativo ao campo da Gándara e di que non entende porque aínda non se arranxou, se a Comunidade de Montes dixo que non había problema.

Xosé Covelo Míguez di que xa se ía arranxar en xaneiro a aínda está así.



CONCELLO DE REDONDELA

Álvaro Cabaleiro Durán pregunta se o campo está no inventario municipal. O Presidente di que o vai a consultar.

Instalación de espellos no cruce do Loureiro no Camiño Xacobeo.

O Presidente informa que para a instalación de espellos na estrada, ten que contar co informe da Policía Local e esta emitiu un no que di que é perigosa a súa colocación.

Anxo Lusquiños López di que perigoso está agora con tanto paso de peregrinos andando e a cabalo. O Presidente di que vai a transmitir as queixas do Consello Parroquial.

Exposición pública dos resultados das análises de augas das fontes da parroquia.

O Presidente informa que as análises realizáronse o 28 de decembro de 2012 e saíron ben as fontes de: Loureiro, Presa e Lavadoiro de Tuimil. Hai que limpar as de: Regueiro, Saramagoso e Escredo. Para rotular están: Pazo e Sobreira.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que onde se sube para a Nogueiriña hai un tubo e parece auga de manantial, solicita que se se se trata de auga de manantial se faga unha fonte e catalogala como fonte municipal.

Manuel Freire Collazo di que na Nogueira hai moitas fontes que se deben especificar.

O Presidente di que se enviarán os resultados das fontes para colgar nos paneis.

Fernando Veiga Estévez solicita que se inclúan no inventario as fontes que faltan e que se contacte con alguén da parroquia para localizalas.

Xosé Covelo Míguez pregunta se se van limpar as fontes que o necesitan. O Presidente di que si.

Estado da solicitude do Ministerio de comunicación oficial por escrito da situación e intencións respecto da Autovía A 59. Aclaración das novas aparecidas nos medios de comunicación nos últimos días. Explicación da resposta do goberno acerca do tema á pregunta de M^a Olaia Fernández Davila, que acompañamos.

Alberto Pazos Couñago informa que a situación está como estaba. O Partido Popular fixo unha solicitude no Parlamento para o arquivo da alternativa 5, que conta co respaldo do goberno da Xunta de Galicia. Se solicite que se cambie



CONCELLO DE REDONDELA

pola alternativa máis curta que é a que conecta Amoedo co aeroporto. Afecta a menos veciñas/os de Redondela.

María José Acevedo Santoro pregunta se se ten que fiar da palabra ou trouxo algo por escrito.

Alberto Pazos Couñago fai entrega da copia do documento presentado no Parlamento.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que non vai a entrar a tratar o tema por respecto á veciñanza.

Alberto Pazos Couñago di que cando vaia ao Pleno do Parlamento o asunto avisará, por se alguén quere asistir, se vai a Comisión avisará igual, pero non se poderá asistir.

José Bernardo Crespo Abal pregunta se o tramo entre Vilaboa e a Hermida está aprobado. Alberto Pazos Couñago resposta que si.

Xosé Covelo Míguez pregunta que se alguén quere darse prisa en executar o proxecto faríase a A59. Alberto Pazos Couñago di que si, pero que a intención do goberno é arquivar a A59, ademais na situación económica que estamos non está encima do taboleiro o realizala.

Xosé Covelo Míguez di que se debería recoñecer a inviabilidade dos proxectos como este e potenciar outras actuacións como o fomento do transporte público.

Alberto Pazos Couñago di que a autovía é necesaria e se afrontará a súa obra de xeito que cause o menor dano posible. Que foi o compromiso electoral do Partido Popular e se segue mantendo o mesmo compromiso.

3.- Proposta de novas actuacións

Vontade e condicións necesarias para que o Concello de Redondela leve a cabo a remodelación do Campo de Fútbol da Gándara – Clube Deportivo Cesantes.

O Presidente di que aínda que lle gustaría poñelo con céspede hai que ser realistas e non hai orzamento para iso. Tamén hai que ter en conta que o terreo é de montes.

Xosé Covelo Míguez pregunta se hai intención de facelo a medio prazo, porque a vontade de montes é positiva.



CONCELLO DE REDONDELA

Fernando Veiga Estévez di que a por parte da directiva de montes non hai ningún problema, levaríase o tema a unha xuntanza xeral, pero cre que a todos lle interesa que o campo estea arranxado.

O Presidente di que o Concello non pode asumir o custe de toda a obra, polo que habería que solicitar axuda á Deputación. Tamén está o problema das árbores na zona sur.

Manuel Freire Collazo e Fernando Veiga Estévez din que esas árbores están a máis de 30 metros.

Anxo Lusquiños López di que lle parece indignante que na obra de Santa Mariña se invistan 280 millóns de pesetas e que non se poida arranxar o Campo da Gándara e os nenos teñan que ir a xogar a Vigo ou a Candeán.

O Presidente di que as instalacións de Redondela arránxanse para que as utilicen máis de 400 nenos.

Anxo Lusquiños López di que o Campo da Gándara non se utiliza porque non está en condicións. Esa é a mesma excusa que se utiliza para non arranxar os parques.

Álvaro Cabaleiro Durán pregunta se as instalacións van a ser cedidas ao Choco. O Presidente di que as instalacións son municipais.

Álvaro Cabeleiro Durán pregunta se poderían ir a entrenar os nenos da escola de fútbol. O Presidente di que non habería ningún problema. Anxo Lusquiños López di que hai que intentar que os nenos queden a xogar na súa parroquia.

Manuel Freire Collazo di que a fusión do Choco con Casa Paco foi unha traxedia para Redondela. Antes xogaban todos os rapaces e agora só xogan os achegados e agora os nenos de toda a vida tiveron que marcharse a outras parroquias.

O Presidente di que antes estaban os do Choco e os da escola e xogaban en cada parte do campo, por iso se acordou a fusión para xestionar mellor as instalacións.

Amaño dos desperfectos na estrada da Nogueira, a altura da Auga Enterrada, pois estase desfecendo o muro que ampara a estrada.

O Presidente di que o Concelleiro de Vías e Obras meteu un arranxo de muro nos orzamentos, pero que non está seguro de se é o mesmo lugar, polo que se vai a comprobar.



CONCELLO DE REDONDELA

Na entrada do Ganga, a 50 metros, por unha rotura da tubería de Serauga, atópase o asfalto afundido. Precisa amaño urxente.

O Presidente di que se contactou co responsable de Aqualia foi a miralo e neste momento están a parchealo. Aqualia quedou en arranxalo.

Manuel Freire Collazo di que hai dúas roturas e un dos buratos é moi grande e está no medio da estrada polo que resulta moi perigoso.

Identificar puntos de luz acesos todo o día e concectalos á rede xeral con apagado automático para optimizar o gasto enerxético.

O Presidente di que o Concelleiro de Vías e Obras xa ten a maioría indetificados e se irá facendo o traballo pouco a pouco, porque se requiren reformas no tendido.

A barandilla instalada no camiño de Tuimil atópase endeble, polo que é necesario revisar a súa instalación e contemplar a instalación de quitamedos, tal como se solicitara no Consello Parroquial.

O Presidente cre que xa se pasou a asegurala. Manuel Freire Collazo di que si pasaron, e a para as persoas quedou ben, pero en caso dun pequeno golpe dun vehículo vai todo abaixo.

Manuel Freire Collazo e Xosé Covelo Míguez propoñen a instalación dun quitamedos ademais da barandilla existente. As/os membros presentes do Consello Parroquial do Viso aproban a proposta por unanimidade.

Indicar as actuaicóns contempladas para a parroquia do Viso dos orzamentos do ano 2013 e a cantidade correspondente para aplicar os orzamentos participativos.

O Presidente di que cando se pechen os orzamentos dirase a porcentaxe dos orzamentos participativos e as actuacións na parroquia do Viso.

José Bernardo Crespo Abal di que haberá entre 140.000 e 160.000 euros para repartir entre todas as parrquias, o seu grupo político (AER) vai intentar que sexan 200.000 euros.

Permitir que o Consello Parroquial do Viso sexa aberto ao público.

Xosé Covelo Míguez di que é importante que a xente da parroquia vexa como se desenvolve e como se tratan os asuntos, xa que eles, como representantes,



CONCELLO DE REDONDELA

transmiten o que ocorre na xuntanza, pero así a veciñanza sentiríase máis partícipe. Sería como un Pleno.

Por unanimidade das/os membros presentes do Consello Parroquial apróbase a posta en proba de facer públicas as xuntanzas do Consello Parroquial. Se se producira calquera situación que impedira o normal desenvolvemento da xuntanza, levantaríase a sesión e voltaríanse a realizar so coa presenza das/os súas/seus membros.

3.- Proposta de novas actuacións

Beirarrúas na Estrada da Teixeira e mellora da seguridade vial na totalidade deste vial.

Segue na mesma situación está enviada á Deputación.

Cronograma no que se indique cando se vai a arranxar o saneamento da parroquia do Viso indicando os seguintes puntos: Casal do Viso, Val do Muíño-Muñeira, Camiño de Baldramón e Barrio de Soutoxuste.

O Presidente di que o Concelleiro de Vías e Obras non ten previsto facer no Viso estas obras, porque hai outros traballos máis urxentes. Para o ano que ven si se ten proxectado facer obras na parroquia do Viso.

Anxo Lusquiños López pregunta como está o saneamento de Soutoxuste.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que o tema dos saneamentos hai que negociarlos con Aqualia porque nos orzamentos hai 0 euros para estas obras. Ademais Aqualia vai subir os recibos da auga. O de Soutoxuste é unha falta de vontade porque se recaudaron cartos coas taxas de enganche.

O Presidente di que cría que xa estaba solucionado, pero o vai voltar a preguntar.

José Bernadro Crespo Abal di que é un problema eléctrico e tamén cre que está solucionado.

Arranxo do camiño de Baldramón, posteriormente á realización das obras de saneamento.

O Presidente di que se arranxará o camiño despois de instalar o saneamento.



CONCELLO DE REDONDELA

Cronograma das actuacións que se vaia a realizar na parroquia do Viso en canto a alumado:

- *Soutoxuste, na estrada nacional entre Cesantes e Arcade.*
- *Camiño da Carreiteira en Tuimil.*
- *Estrada da Nogueiriña en Tuimil.*

O Presidente di que o Camiño da Carreiteira e a Nogueiriña están pendentos dos orzamentos.

Manuel Freire Collazo di que o da Nogueiriña son só dous postes e non é un gran investimento.

Solicitud a ADIF para a colocación das proteccións en desniveis perigosos:

- *En Soutoxuste, na baixada do Restaurante Antón para protexer do desnivel do túnel 2 do ferrocarril.*
- *Para protexer o desnivel do túnel 3 tamén en Soutoxuste.*

O Presidente informa que esas proteccións están solicitadas a Fomento nun dosier. O Concelleiro de Vías e Obras xa foi cos de Fomento a mirar eses puntos.

Requerimentos ao AVE de solucionar o problema da poza na boca do túnel que están collendo auga dela con dúas mangueras.

O Presidente di que xa se falou con eles. Manuel Freire Collazo di que seguen a coller auga e a poza é veciñal.

Limpeza da zona enriba da boca sur do túnel do AVE pois presenta elevada matogueira e as ordenanzas municipais e a lexislación relativa a incendios forestais establece a obriga do seu mantemento.

O Presidente di que están avidados. Manuel Freire Collazo di que non fixeron nada e as xestas chegan á altura dos cables.

Empalme da estrada que ven da Nogueira coa estrada que realizou o AVE na boca sur, vindo da Pantalla.

O Presidente di que o Concelleiro de Vías e Obras falou con eles e din que aínda non está recepciónada a obra.



CONCELLO DE REDONDELA

Manuel Freire Collazo di que se falara co anterior concelleiro e coa veciñanza e non había problemas. Son só 100 metros que hai que aplanar e asfaltar.

Proxecto de solicitude do 1% cultural respecto as obras do AVE e información de actuacións subvencionables no Viso.

O Presidente di que estas axudas están paralizadas por Fomento. Habería que solicitar os BIC do Viso.

Xosé Covelo Míguez di que os de titularidade pública non son tantos: petroglifo, a Virxe da Peneda, Igrexa, pozo romano, porto de Soutoxuste, o antigo preescolar, cruceiros e palco da música.

Fernando Veiga Estévez pregunta se se teñen que presentar os proxectos.

O Presidente informa que as axudas danse para os proxectos feitos.

Solicitud e á Deputación Provincial que prohiba o paso dos vehículos pesados pola estrada provincial e que a Policía Local controle a velocidade destes vehículos.

O Presidente di que se enviou á Deputación Provincial a solicitude e o Concelleiro de Tráfico xa tratou o asunto coa Policía Local, que ten estado abaixo no colexio.

Solicitud e de restauración e acondicionamento do Palco da Música, cruceiro do Alto do Viso e da súa contorna.

O Presidente di que primeiro hai que ver quen ten a súa titularidade, se o Concello, a Igrexa ou Patrimonio.

Adelina Couñago Lara di que é da Igrexa.

Canalización no camiño Monte da Nogueira.

O Presidente di que o Concelleiro de Vías e Obras xa o mirou e fixo uns arranxos na estrada de Carpintero.

Alberto Couñago Castellano di que non é aí e que nese camiño hai que poñer unhas reixas para evitar que auga vai pola estrada.

Adelina Couñago Lara di que a auga vai por toda a estrada.



CONCELLO DE REDONDELA

Xosé Covelo Míguez di que cando sexa así que se contacte con alguén da parroquia para ir mirar o sitio.

Recuperación das ludotecas de inverno e do Nadal e se amplíe a ludoteca do verán aos meses de xullo e agosto na parroquia do Viso, ademais de que se consensúen os cambios coas familias.

O Presidente que a Concelleira de Servizos Sociais dixo que a participación na ludoteca de inverno foi bastante baixa, que fará máis ou menos dependendo dos orzamentos. Neste momento aprobáronse unhas bases e se vai cobrar parte das ludotecas.

Xosé Covelo Míguez di que as ludotecas son unha parte das políticas de conciliación e a ampliación dos horarios é importante, xa que non se trata só dun tema de esparcemento.

Anxo Lusquiños López di que non entende porque hai que cambiar algo que funciona como fixo este goberno, xa que as ludotecas funcionaban ben. No Viso había nenas/os, que incluso se coñeceron dentro da Ludoteca porque ían a diferentes colexios. Téñense que recuperar. Os horarios hai que consensualos coas familias, que non se teñan presentar as instancias no Concello de Redondella, senon que se poidan presentar na propia ludoteca e non teñan custe. Solicita que se explique o criterio que se seguiu para elixir as catro parroquias nas que se celebraron as ludotecas de inverno.

Propón que dende o Consello Parroquial do Viso se solicite que se recuperen as ludotecas tal e como viñan funcionando no inverno, Nadal e no verán. Que o servizo sexa gratuíto e que non se vaia a solicitar ao Concello que se poidan pedir dende a parroquia. A proposta é aprobada por unanimidade das/os membros presentes do Consello Parroquial do Viso.

Realización da obra de ampliación de dous metros no Camiño da Ganga, xa que só consistiría en tirar un pequeno muro de ladrillo e unir as filas de bloque que xa existen.

O Presidente informa que falou cos dous propietarios e din que acudirían a unha xuntanza no Concello para tratar o tema.

Traer ao Consello Parroquial as copias dos documentos que tramiten no Concello que afecten ao Viso para ver o estado da súa tramitación.

O Presidente di que se traerán aqueles documentos que sexan significativos para a parroquia.



CONCELLO DE REDONDELA

Anxo Lusquiños López propón que o Consello Parroquial do Viso manteña a oposición á ampliación da ponte de Rande así como á da autoestrada AP-9 ao seu paso polo Concello de Redondela. A proposta é aprobada por unanimidade das/os membros presentes do Consello Parroquial do Viso.

5.- Varios

María José Acevedo Santoro pregunta se no próximo Consello se podería explicar cal é a potestade que ten o Concello sobre o conservatorio sobre a súa xestión e cal é o orzamento, xa que as taxas que se cobran son máis elevadas que nun centro privado. A dirección non da ningunha explicación e se non se aceptan as súas normas dinche que a opción é ir a un privado. As taxas por examen ascenden a 190 euros e nun privado a 45 euros.

José Bernardo Crespo Abal di que o orzamento é de 400.000 euros.

As/os membros do Consello Parroquial do Viso aproban por unanimidade solicitar información sobre a xestión, dirección e orzamento do Conservatorio de Redondela.

Xosé Covelo Míguez di que no parque infantil da Gándara hai un contedor de vidro roto e que habería que repoñelo e limpar os cristais, porque no actual estado é perigoso.

Anxo Lusquiños López solicita a instalación dun contedor de vidro para o parque do Loureiro, xa que hai afluencia de xovenes e deixan moito vidro.

Fernando Veiga Estévez solicita que se retiren dous postes do parque do Loureiro xa que están tirados.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e tres horas e quince minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.